

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27020793	Porta da Auga	Ribadeo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0018	Intervención con familias e atención a menores en risco social	2022/2023	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ MARÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ, BELÉN CARBALLO DOMÍNGUEZ (Subst.)
Outro profesorado	BELÉN CARBALLO DOMÍNGUEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica programas e actividades de intervención socioeducativa dirixidos a cativos e cativas en acollemento en centros de menores, analizando o modelo de atención á infancia da institución e a normativa legal vixente.
RA2 - Planifica programas e actividades de intervención con familias e xustifica o papel desa intervención na educación e no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
RA3 - Pon en práctica actividades socioeducativas dirixidas a nenos e nenas en situación de risco ou en acollemento en centros de menores, en relación cos obxectivos e coas estratexias metodolóxicas da intervención.
RA4 - Pon en práctica actividades e estratexias que favorezan a colaboración da familia no proceso socioeducativo dos pequenos e das pequenas en relación coas súas características, coas súas necesidades e cos obxectivos da intervención.
RA5 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións socioeducativas cos cativos e as cativas en acollemento en centros de menores en relación coa avaliación das variables salientables e os protocolos establecidos na institución.
RA6 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións con familias, identifica as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícaronse as diferenzas entre os tipos de modelos de atención á infancia na Unión Europea.
CA1.2 Identifícaronse e describíronse as características máis salientables da rede de servizos sociais de atención á infancia.
CA1.2.1 Identifícaronse as características máis salientables da rede de servizos sociais de atención á infancia.
CA1.3 Analizouse a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia.
CA1.3.2 Identifícouse a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia
CA1.4 Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros de atención á infancia.
CA1.4.2 Identifícouse a estrutura organizativa e funcional dos centros de atención á infancia.
CA1.5 Identifícaronse os documentos que regulan a intervención socioeducativa nos centros de menores.
CA1.8 Prevíronse os espazos e os tempos necesarios.
CA1.9 Establecéronse as canles e os mecanismos de coordinación e intercambio de información con outro persoal profesional implicadas no proceso.
CA1.9.1 Identifícaronse as canles e os mecanismos de coordinación e intercambio de información con outro persoal profesional implicadas no proceso.
CA1.10 Valorouse a importancia do traballo en equipo no éxito da intervención.
CA1.10.2 Identifícouse a importancia do traballo en equipo no éxito da intervención.
CA2.1 Identifícouse e describiuse a influencia das pautas de crianza na familia no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
CA2.1.1 Identifícouse a influencia das pautas de crianza na familia no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
CA2.2 Describíronse programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.
CA2.2.2 Identifícanse programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.

Criterios de avaliación do currículo
CA2.4 Identifícanse os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias.
CA2.4.2 Xustifícanse os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias
CA2.5 Valorouse a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
CA2.5.2 Demóstrase a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
CA2.6 Descríbense os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.
CA2.6.2 Identifícanse os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.
CA2.7 Identifícanse os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
CA2.7.2 Determínanse os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
CA2.8 Concretáronse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.
CA2.8.1 Identifícanse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.
CA2.9 Valorouse o papel da persoa educadora na detección e na comunicación das situacións de risco e maltrato infantil.
CA2.9.2 Interpretouse o papel da persoa educadora na detección e na comunicación das situacións de risco e maltrato infantil.
CA3.1 Empregáronse técnicas e instrumentos para a obtención de información.
CA3.1.1 identifícanse as técnicas e instrumentos para a obtención de información.
CA3.2 Identifícanse as características e as necesidades do grupo, así como o contexto asignado.
CA3.2.2 Especificáronse as características e as necesidades do grupo, así como o contexto asignado.
CA3.3 Organizáronse os espazos e os recursos materiais e humanos.
CA3.3.1 Coñecéronse os espazos e os recursos materiais e humanos
CA3.4 Aplicáronse estratexias metodolóxicas.
CA3.4.1 Coñecéronse estratexias metodolóxicas
CA4.1 Identifícanse as canles de participación das familias na institución.
CA4.1.2 Interpretáronse as canles de participación das familias na institución.
CA4.2 Identifícanse as canles de participación das familias acolleedoras e/ou adoptivas na institución.
CA4.2.2 Discrimináronse as canles de participación das familias acolleedoras e/ou adoptivas na institución.
CA4.3 Identifícanse as necesidades educativas e de participación da familia.
CA4.3.2 Interpretáronse as necesidades educativas e de participación da familia.
CA5.1 Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información dos cativos e das cativas.

Criterios de avaliación do currículo
CA5.1.1 Coñecéronse os instrumentos axeitados para obter información dos cativos e das cativas.
CA5.2 Establecéronse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.
CA5.2.1 Identifícanse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.
CA6.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.1.1 Identifícanse os indicadores de avaliación.
CA6.2 Deseñáronse o seleccionáronse instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.
CA6.2.1 Identifícanse os instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Planifica programas e actividades de intervención socioeducativa dirixidos a cativos e cativas en acollemento en centros de menores, analizando o modelo de atención á infancia da institución e a normativa legal vixente.
RA2 - Planifica programas e actividades de intervención con familias e xustifica o papel desa intervención na educación e no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
RA3 - Pon en práctica actividades socioeducativas dirixidas a nenos e nenas en situación de risco ou en acollemento en centros de menores, en relación cos obxectivos e coas estratexias metodolóxicas da intervención.
RA4 - Pon en práctica actividades e estratexias que favorezan a colaboración da familia no proceso socioeducativo dos pequenos e das pequenas en relación coas súas características, coas súas necesidades e cos obxectivos da intervención.
RA5 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións socioeducativas cos cativos e as cativas en acollemento en centros de menores en relación coa avaliación das variables salientables e os protocolos establecidos na institución.
RA6 - Avalía o proceso e o resultado das intervencións con familias, identifica as variables salientables no proceso e xustifica a súa elección.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Identifícanse e describíronse as características máis salientables da rede de servizos sociais de atención á infancia.
CA1.2.2 Descríbense as características máis salientables da rede de servizos sociais de atención á infancia.
CA1.3 Analízase a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia.
CA1.3.1 Tívoise en conta na práctica a lexislación en relación aos servizos de atención á infancia.
CA1.4 Describiuse a estrutura organizativa e funcional dos centros de atención á infancia.
CA1.4.1 Tíveronse en conta na práctica a estrutura organizativa e funcional dos centros de atención á infancia.
CA1.6 Formuláronse obxectivos acordos coas características dos nenos e das nenas, e do modelo socioeducativo do centro.
CA1.7 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias de intervención adecuadas.

Criterios de avaliación do currículo
CA1.9 Establecéronse as canles e os mecanismos de coordinación e intercambio de información con outro persoal profesional implicadas no proceso.
CA1.9.2 Mostráronse as canles e os mecanismos de coordinación e intercambio de información con outro persoal profesional implicadas no proceso.
CA1.10 Valorouse a importancia do traballo en equipo no éxito da intervención.
0 CA1.10.1 Tívoise en conta na práctica a importancia do traballo en equipo no éxito da intervención.
CA2.1 Identificouse e describiuse a influencia das pautas de crianza na familia no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
CA2.1.2 Describiuse a influencia das pautas de crianza na familia no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
CA2.2 Descríbóronse programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.
CA2.2.1 Tivéronse en conta na práctica os programas de axuda e intervención con familias desde os ámbitos educativo e social.
CA2.3 Propuxéronse estratexias, actividades e recursos para favorecer a participación da familia e, de ser o caso, mellorar a súa competencia educativa.
CA2.4 Identificáronse os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias.
CA2.4.1 Tivéronse en conta na práctica os criterios educativos, os aspectos formais e as actitudes que se deben ter en conta en relación á colaboración coas familias.
CA2.5 Valorouse a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
CA2.5.1 Tívoise en conta na práctica a importancia da colaboración entre familia e institución nos primeiros anos.
CA2.6 Descríbóronse os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.
CA2.6.1 Tivéronse en conta na práctica os problemas e os indicadores asociados ás familias en situación de risco social.
CA2.7 Identificáronse os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
CA2.7.1 Tivéronse en conta na práctica os indicadores e os requisitos que sinalan a existencia de maltrato.
CA2.8 Concretáronse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.
CA2.8.2 Determináronse os protocolos de actuación tras a detección de situacións de risco ou maltrato na familia.
CA2.9 Valorouse o papel da persoa educadora na detección e na comunicación das situacións de risco e maltrato infantil.
CA2.9.1 Tivéronse en conta na práctica o papel da persoa educadora na detección e na comunicación das situacións de risco e maltrato infantil.
CA2.10 Valorouse a necesidade de manter unha actitude respectuosa cara á diversidade de situacións familiares.
CA3.1 Empregáronse técnicas e instrumentos para a obtención de información.
CA3.1.2 Explicáronse técnicas e instrumentos para a obtención de información.
CA3.2 Identificáronse as características e as necesidades do grupo, así como o contexto asignado.
CA3.2.1 Tivéronse en conta na práctica as características e as necesidades do grupo, así como o contexto asignado.
CA3.3 Organizáronse os espazos e os recursos materiais e humanos.

Criterios de avaliación do currículo
CA3.3.2 Determináronse os espazos e os recursos materiais e humanos.
CA3.4 Aplicáronse estratexias metodolóxicas.
CA3.4.2 Xustificáronse estratexias metodolóxicas.
CA3.5 Valorouse a necesidade de xerar un clima familiar, de seguridade afectiva e de confianza.
CA3.6 Favoreceuse a conciliación das rutinas do centro cos ritmos individuais.
CA3.7 Resolvéronse as situacións de urxencia e os imprevistos.
CA3.8 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.
CA3.9 Adoptáronse actitudes de escoita das propostas dos pequenos e das pequenas, e permitíuselles participar nas decisións que lles afecten.
CA3.10 Xustificouse a necesidade do traballo en equipo e da colaboración con outro persoal profesional.
CA4.1 Identificáronse as canles de participación das familias na institución.
CA4.1.1 Tivéronse en conta na práctica as canles de participación das familias na institución.
CA4.2 Identificáronse as canles de participación das familias acolledoras e/ou adoptivas na institución.
CA4.2.1 Tivéronse en conta na práctica as canles de participación das familias acolledoras e/ou adoptivas na institución.
CA4.3 Identificáronse as necesidades educativas e de participación da familia.
CA4.3.1 Tivéronse en conta na práctica as necesidades educativas e de participación da familia.
CA4.4 Preparáronse guións para reunións e entrevistas coas familias.
CA4.5 Realizáronse reunións e entrevistas seguindo obxectivos e guións establecidos.
CA4.6 Mantívose unha actitude receptiva das iniciativas e das propostas de participación das familias.
CA4.7 Organizáronse os recursos, os espazos e os tempos consonte os obxectivos da actividade.
CA4.8 Respondeuse ante situacións imprevistas.
CA4.9 Mantívose unha actitude positiva na relación coas familias.
CA4.10 Valorouse a importancia das habilidades sociais da persoa educadora nas relacións coa familia.
CA4.11 Adaptouse a comunicación ás características das familias.
CA5.1 Deseñáronse ou seleccionáronse instrumentos axeitados para obter información dos cativos e das cativas.
CA5.1.2 Demostráronse o uso de instrumentos axeitados para obter información dos cativos e das cativas.
CA5.2 Establecéronse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.
CA5.2.2 Demostráronse as estratexias, as técnicas e os instrumentos de seguimento e avaliación da intervención.

Criterios de avaliación do currículo
CA5.3 Aplicáronse os instrumentos de avaliación seguindo o procedemento correcto.
CA5.4 Interpretouse correctamente a información obtida.
CA5.5 Identificáronse os aspectos que cumpra modificar na intervención.
CA5.6 Propuxéronse as medidas necesarias para mellorar a intervención.
CA5.7 Déuselles información aos membros do equipo seguindo os protocolos establecidos.
CA5.8 Identificáronse situacións que requiran a participación doutro persoal profesional, así como as pautas de actuación.
CA5.9 Déuselles información ás familias acerca do progreso do neno ou da nena, de xeito individualizado e comprensible.
CA5.10 Valorouse a importancia de salientar os aspectos positivos da evolución do cativo ou da cativa na información facilitada á familia.
CA6.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.1.2 Definíronse os indicadores de avaliación.
CA6.2 Deseñáronse o seleccionáronse instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.
CA6.2.2 Demostrouse o emprego de instrumentos adecuados para obter información sobre a situación familiar, as necesidades educativas da familia, as posibilidades e os desexos familiares de participación.
CA6.3 Aplicáronse correctamente os instrumentos de avaliación.
CA6.4 Recolléronse e interpretáronse correctamente os datos.
CA6.5 Identificáronse as desviacións respecto ao previsto na intervención.
CA6.6 Propuxéronse medidas de corrección en situacións problemáticas.
CA6.7 Valorouse a necesidade da participación da familia na avaliación da intervención.
CA6.8 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva:

Todos os RAs cos seus CAs correspondentes (así como os creados para poder avaliar as diferentes UD), establecidos no currículo do ciclo de educación infantil no módulo de intervención con familias e atención a menores en risco social e que se especifican no Decreto correspondente. (Decreto 226/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en educación infantil, modificado polo 38/2010)

Ademais dos criterios de avaliación descritos no currículo, a profesora terá en consideración para a cualificación da proba os seguintes aspectos:

- Limpeza e orde nos documentos de exame.
- Coñecemento e uso correcto do vocabulario técnico relacionado do módulo e coa Educación Infantil en xeral.
- Coherencia das respostas co demando no enunciado das preguntas abertas (cita, explica, enumera, pon un exemplo).
- Adaptación das solucións dos supostos prácticos aos datos concretos que se expoñen no seu enunciado.

Criterios de cualificación:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba segundo se indica no artigo 13 da Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Primeira parte, proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versara sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Terá un peso do 50% no resultado final.

Segunda parte, proba práctica: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Terá un peso do 50% no resultado final.

A cualificación final correspondente ao módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Dita proba poderá estar constituída por preguntas tipo test e/ou preguntas de desenvolver, de resposta curta, de completar, de verdadeiro ou falso ou calqueira outra. No apartado de test, se fose o caso, penalizaranse as respostas incorrectas de xeito que dúas respostas erróneas invalidarán unha resposta correcta.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo.

O tempo máximo para a realización da proba será de dúas horas. Nos primeiros 10 minutos ningunha persoa poderá entregar e abandonar a aula de exame.

Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

Esta segunda parte consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos nos que se deberán aplicar e poñer de relevo os coñecementos pertinentes relacionados con contidos básicos do módulo.

A proba terá unha duración máxima de 2 horas. Nos primeiros 10 minutos ningunha persoa poderá entregar e abandonar a aula de exame.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas de bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e de DNI ou outro documento de identificación persoal (pasaporte, carné de conducir). No caso de que se facilitasen follas de borrador, todas elas deberán adxuntarse ao exame ao remate do mesmo. Os teléfonos móbiles deberán estar apagados no momento de entrada ao exame e durante toda a duración do mesmo. O resto do material necesario para o seu desenvolvemento facilitarallo a comisión de avaliación.

Esta segunda parte da proba poderá cualificarse de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación fará pública as puntuacións obtidas.